

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 1 DE ABRIL DO 2013.**

=====

No Concello de Cangas, cando son as dezanove horas e trinta minutos do día un de abril do dous mil trece, previa convocatoria, reúnen os/as seguintes concelleiros/as: D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D<sup>a</sup> Dolores Gallego Santos e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lucía Lede Fernández, SUPLENTE: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Prieto Rial, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria xeral, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Non asiste á sesión o concelleiro, D. José Luis Gestido Porto.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA EN DATA 18 DE MARZO DO 2013.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada en data 18 de marzo do 2013.

**URBANISMO E VIVENDA**

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 26 DE MARZO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.**

**2.A) APROBAR OS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

**2.A.1) LICENZA DE OBRAS MENORES.**

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorga-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicita-lo interesado/a que se leve a cabo esta antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

**EXPEDIENTE Nº 23.216.-** A Josefa Coya Franco, con enderezo no Igrexario-Camiño de Castiñerías, nº 32-O Hío, para no referido lugar, ampliar un portal e construír un cerramento de 26,00 metros, de conformidade coa documentación presentada e distando, como mínimo, a 4,00 metros do eixo do camiño.

**EXPEDIENTE Nº 24.487.-** A Laura Rodal Iglesias, con enderezo en rúa Enseñanza, nº 26-Cangas, para no referido lugar, repoñer o material de cubrición nunha superficie de 80,00 m<sup>2</sup>., de conformidade co proxecto visado o 25 de xaneiro do 2013, cun orzamento de 2.960,00 euros. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, trátase dunha licenza que se concede a unha edificación á que se lle aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación. A licenza concedida non autoriza a realización de obras que afecten á estrutura da edificación nin incrementen o volume da vivenda existente, única e exclusivamente cambio de material de cubrición.

**EXPEDIENTE Nº 24.494.-** A Oscar Otero Vidal, con enderezo en Piñeiro, nº 52-Darbo, para no referido lugar, construír unha edificación adxetiva de 20,00 m<sup>2</sup>., e un cerramento de 38,00 metros, de conformidade coa documentación presentada, cun orzamento de TRES MIL CENTO CORENTA (3.140,00) euros.

**EXPEDIENTE Nº 24.496.-** A Angel González Rodal, con enderezo en Rúa Mestre Tenreiro, nº 3-Cangas, para no referido lugar, impermeabilizar o canalón da cuberta e

peto superior da fachada en 7,50 m2., de conformidade coa documentación presentada. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, trátase de unha licenza que se concede a unha edificación á que se lle aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

**EXPEDIENTE Nº 24.497.-** A Luciano Figueroa Otero, con enderezo en Donón, nº 3-O Hío, para en Estrada de Donón, nº 15-O Hío, reconstruír un muro existente de 31,55 metros, de conformidade coa documentación presentada, cun orzamento de CINCOCENTOS SESENTA E SETE CON NOVENTA (567,90) euros.

Votación: na votación do expediente nº 24.497 abstívose o concelleiro, Sr. Soliño Costas.

**EXPEDIENTE Nº 24.503.-** A Fernando Rodríguez Rodas, con enderezo en Freixo, nº 8-Coiro, para no referido lugar, cambiar o material de cubrición nunha superficie de 122,00 m2., de conformidade co proxecto de febreiro do 2013, cun orzamento de MIL OTOCENTOS TRINTA (1.830,00) euros. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, trátase dunha licenza que se concede a unha edificación á que se lle aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación. A licenza concedida non autoriza a realización de obras que afecten á estrutura da edificación nin incrementa o volume da vivenda existente, única e exclusivamente cambio de material de cubrición.

Votación: na votación do expediente nº 24.503 abstívose o concelleiro, Sr. Soliño Costas.

**EXPEDIENTE Nº 24.508.-** A Maria Taboada Dovalf, con enderezo en San Cibrán, nº 18-A-Aldán, para no referido lugar reparar a cuberta nunha superficie de 146,94 m2., de conformidade co proxecto de febreiro do 2013, cun orzamento de SETE MIL OITOCENTOS CINCUENTA E NOVE CON VINTE (7.859,20) euros. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, trátase dunha licenza que se concede a unha edificación á que se lle aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación. A licenza concedida non

autoriza a realización de obras que afecten á estrutura da edificación nin incremente o volume da vivenda existente, única e exclusivamente cambio de material de cubrición.

**EXPEDIENTE Nº 24.481 E Nº 1.629.-** A Juan José Dacosta Costas, con enderezo en Piñeiro, nº 2-Aldán, para no referido lugar acondicionar interiormente un local para taller de coches de 75,80 m<sup>2</sup>., de conformidade co proxecto de decembro do 2012, cun orzamento de CATORCE MIL OITOCENTOS SETENTA E UN CON VINTE E SEIS (14.871,26) euros.

Non se poderá comezar a actividade mentres non se efectúe polo técnico municipal e xefe local de Sanidade a correspondente comprobación.

Advírtese que a licenza outorgada é de tracto continuo, polo que, en caso de sobreveniencia de novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase a revisar a licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablecer a seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o concello carga de indemnización ningunha.

**EXPEDIENTE Nº 24.518 E Nº 1.640.-** A Rodrigo Tiebo Pérez, con enderezo na Avda. de Lugo, nº 43-3°C-Cangas, para en Longán, nº 30-baixo-Cangas, acondicionar interiormente un local para centro de fisioterapia de 101,10 m<sup>2</sup>., de conformidade co proxecto de febreiro do 2013, cun orzamento de VINTE E UN MIL TRESCENTOS CORENTA E NOVE CON OITENTA E SETE (21.349,87) euros.

Non se poderá comezar a actividade mentres non se efectúe polo técnico municipal e xefe local de Sanidade a correspondente comprobación.

Advírtese que a licenza outorgada é de tracto continuo, polo que, en caso de sobreveniencia de novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase a revisar a licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablecer a seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o concello carga de indemnización ningunha.

## 2.A.2) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

**EXPEDIENTE Nº 24.504.-** A María del Carmen Pousada Martínez, con enderezo en Arana Goikoa, nº 8-1º Dereita-Azpeitia-Guipúzcoa, facilítaselle a seguinte información urbanística para parcela situada en Inxerto-Darbo:

*"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística, de acordo co disposto ñas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas:*

- *Clasificación urbanística do solo.- Solo de núcleo rural.*
- *Cualificación urbanística do solo.- SNUN-SNUA.*

*Na documentación aportada obsérvase que a parcela sinalada obxecto de información é unha porción da parcela 384 do polígono 47, ó que se deberá xustificar debidamente. Así mesmo, e de acordo coa documentación catastral aportada non se cumprían as condicións de excepcionalidade xa que as parcelas 384, 386, 387 e 388 non están consolidadas pola edificación."*

**EXPEDIENTE S/N.-** A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS-AUGAS DE GALICIA-ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR, con enderezo en Rúa San Salvador, nº 2-4º-Vigo, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por Francisco Lemos Piñeiro, Clave: DH.B36.40870, para posibilidade de construción de pozo de auga en Viñó-O Hío:

*"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas:*

- *Clasificación urbanísticca do solo.- Solo rústico.*
- *Cualificación urbanística do solo.- Solo non urbanizable de protección de costas e solo de protección de espazos naturais.*

*A parcela sinalada na documentación aportada non cumpre coa superficie mínima de cultivo, polo que se informa DESFAVORABLEMENTE o expediente."*

#### 2.A.4) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

**EXPEDIENTE N° 24.501.-** A Fernando Miranda González, con enderezo na Pedreira, nº 75-Coiro, para no referido lugar, construír un murete de sostén de terras de 19,75 metros, reformar un cerramento de 16,00 metros, aplacado interior de paredes do semisoto e construír unha barbacoa, de conformidade coa documentación presentada cun orzamento de TRES MIL NOVECIENTOS DEZ (3.910,00) euros.

**EXPEDIENTE Nº 24.502.-** A Pilar Martínez Iglesias, con enderezo en Campo de Fútbol, nº 6-Coiro, para no referido lugar, reparar un cerramento de 27,62 metros, de conformidade coa documentación presentada, cun orzamento de SEISCENTOS SETENTA E TRES CON NOVENTA E DOUS (673,92) euros. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, trátase dunha licenza que se concede a unha edificación á que se aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

**EXPEDIENTE Nº 24.511.-** A Emilia Méndez Lago, con enderezo en Estrada a Aldán, nº 67-A-Darbo, para no referido lugar, construír un tramo de cerramento de 4,75 metros, de conformidade coa documentación presentada cun orzamento de CIENTO VINTE E NOVE (129,00) euros.

### **3º.- EXPEDIENTES SANCIONADORES POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA.**

#### 3.A) PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO INSTRUCTOR DO EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 1/2011.

Dase conta de proposta de data 21.2.13 do instructor do expediente de infracción urbanística nº 1/2011, que é como segue:

*"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 1/2011.*

#### *PROPOSTA PARA XUNTA DE GOBERNO*

*Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de novembro do 2012, resulta que:*

*PRIMEIRO.- Por parte de Sonia Freire López, e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Viñó-O Hío, obras consistentes en realizar un cerramento a base de tuberías, barras e malla metálica plastificada ata unha altura de 2,00 metros, sendo a construción de carácter ilegalizable.*

*SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación o para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegacións.*

*TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216*

*da Lei 9/02, do 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 217.3 da mesma norma citada.*

*CUARTO.- Que Sonia Freire López, na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.*

*QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar-la sanción a impoñer na súa contía 6.001,00 €.*

*SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.D. 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*\* Impoñer a Sonia Freire López, na súa calidade de promotora, unha multa sancionadora de 6001,00 euros, por infracción ó ter cometido obras no lugar de Viñó-O Hío, consistentes en realizar un cerramento a base de tuberías, barras e malla metálica plastificada ata unha altura de 2,00 metros.*

*O que se lle notifica, significándolle que dispoñen do prazo de 15 días dentro do cal poderán formular as alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen pertinentes, para tales efectos, ponse de manifesto o expediente para que poidan examinalo e, de selo caso, obter as copias dos documentos que constan no mesmo durante o expresado prazo, de conformidade co disposto no artigo 19 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Una vez concluído o devandito prazo, a proposta de resolución será elevada ó organo competente para resolver o procedemento, xunto cos documentos, alegacións e informacións que consten neste.*

*De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ó interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta de resolución do instructor transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 1/2011.

### 3.B) PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO INSTRUCTOR DO EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 23/2011.

Dase conta de proposta de data 21.2.13 do instructor do expediente de infracción urbanística nº 23/2011, que é como segue:

*"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 23/2011.*

#### *PROPOSTA PARA XUNTA DE GOBERNO*

*Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de novembro do 2012, resulta que:*

*PRIMEIRO.- Por parte de Eduardo Iglesias Otero, e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Espiñeira-Aldán, obras consistentes en realizar un cerramento sen axustarse á alifación sendo a construción de carácter ilegalizable.*

*SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegacións.*

*TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 217.3 da mesma norma citada.*

*CUARTO.- Que Eduardo Iglesias Otero, na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.*

*QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar-la sanción a impoñer na súa contía 6.001 euros.*

*SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.D. 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.*



*Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*\* Impoñer a Eduardo Iglesias Otero, na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de 6001,00 euros, por infracción ó ter cometido obras no lugar de Espiñeira-Aldan, consistentes en realizar un cerramento sen axustarse á aliñación.*

*O que se lle notifica, significándolle que dispoñen do prazo de 15 días dentro do cal poderán formular as alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen pertinentes, para tales efectos, ponse de manifesto o expediente para que poidan examíñalo e, de selo caso, obter as copias dos documentos que constan no mesmo durante o expresado prazo, de conformidade co disposto no artigo 19 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Una vez concluído o devandito prazo, a proposta de resolución será elevara ó organo competente para resolver o procedemento, xunto eos documentos, alegacións e informacións que consten neste.*

*De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ó interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta de resolución do instructor transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 23/2011.

### 3.C) PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO INSTRUCTOR DO EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 75/2007.

Dase conta de proposta de data 20.3.13 do instructor do expediente de infracción urbanística nº 75/2007, que é como segue:

*"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 75/2007.*

*PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL.*

*Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de novembro do 2012, resulta que:*

*PRIMEIRO.- Por parte de Manuel Josenje Valladares, e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Darbo, obras consistentes en realizar a reconstrucción estrutural parcial e reforma interior sendo a construción de carácter ilegalizable.*

*SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegacións.*

*TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 217.3 da mesma norma citada.*

*CUARTO.- Que Manuel Josenje Valladares, na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.*

*QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar-la sanción a impoñer na súa contía 6.001 euros.*

*SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.D. 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*\* Impoñer a Manuel Josenje Valladares, na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de 6.001 euros, por infracción ó ter cometido obras no lugar de Darbo, consistentes en realizar a reconstrucción estrutural parcial e reforma interior.*

*O que se lle notifica, significándolle que dispoñen do prazo de 15 días dentro do cal poderán formular as alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen pertinentes, para tales efectos,ponse de manifesto o expediente para que poidan examínalo e, de selo caso, obter as copias dos documentos que constan no mesmo durante o expresado prazo, de conformidade co disposto no artigo 19 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Una vez concluído o devandito prazo, a proposta de resolución será elevara ó organo competente para resolver o procedemento, xunto eos documentos, alegacións e informacións que consten neste.*

*De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ó interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta de resolución do instructor transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 75/2007.

## **CONTRATACIÓN**

### **4º.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE "PAVIMENTACIÓN VIALES DO MUNICIPIO 2006".**

Examinada a proposta da Alcaldía de data 26.3.13, referente a resolución de contrato para a execución das obras de "PAVIMENTACIÓN VIALES DO MUNICIPIO 2006", que é como segue:

#### **"PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de febreiro do 2013, polo que se iniciou o procedemento para acordar a resolución do contrato para a execución das obras de da obra de 'Pavimentación viales do municipio 2006', coa empresa 'OBRAS Y EDIFICACIONES SEIXO, S.L.', de conformidade co disposto no artigo 112.2 do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.*

*Visto o disposto no artigo 111 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, que establece como causa de resolución dos contratos, entre outras: 'A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.'*

*Visto que o artigo 112.2 do mesmo corpo legal sinala que: 'A declaración de insolvencia en calquera procedemento e, en caso de concurso, a apertura da fase de liquidación orixinarán sempre a resolución do contrato.'*

*Visto que segundo o disposto no artigo 113.4 só se acordará a perda da garantía cando o concurso fora calificado como culpable.*

*Visto que transcurrido o prazo de de dez días naturais outorgado á administración concursal, non se realizaron alegacións.*

*De conformidade co exposto e segundo o establecido no Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.*

**PROPOÑO:**

*PRIMEIRO.- Resolver o contrato para a execución das obras de 'Pavimentación viales do municipio 2006', formalizado en data 22 de novembro do 2006 coa empresa 'OBRAS Y EDIFICACIONES SEIXO, S.L.', de conformidade co disposto no artigo 112.2 do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, por atoparse a sinalada empresa en fase de liquidación de concurso, conforme co auto emitido polo Xulgado do Mercantil nº 1 de Pontevedra en data 08.04.11.*

*SEGUNDO.- Que se devolva a garantía constituída pola empresa 'OBRAS Y EDIFICACIONES SEIXO, S.L.', por un importe de VINTE E OITO MIL (28.000,00) euros, de conformidade co artigo 113.4 do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, dado que o concurso non foi cualificado como culpable.*

*TERCEIRO.- Que se lles notifique isto ós interesados para os efectos oportunos."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a resolución de contrato para a execución das obras de "PAVIMENTACIÓN VIALES DO MUNICIPIO 2006".

### **SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL**

#### **5º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS.**

##### **5.A.1) SOLICITUDES DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE:**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización de cambio de titularidade de sinais de pasaxe permanente ós seguintes solicitantes:

<b>NOME E DNI</b>	<b>ENDEREZO</b>	<b>LUGAR INSTALACIÓN</b>
-------------------	-----------------	--------------------------

LUIS GASPAR GONZÁLEZ Representante da Comunidade de propietarios "A REGUEIRA" CIF Nº H-36.576.700	Portela, nº 38-Vigo.	Avda. da Coruña, nº 121- Darbo. Autorízase o cambio de titularidade dos sinais de pasaxe permanente nº 715, 716 e 717, concedidos a Teresa Graña Giráldez en Xunta de Goberno Local de data 20.8.08.
--	----------------------	---

#### 5.A.2) SOLICITUDE DE ANULACIÓN DE ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL S/REPOSICIÓN DE SINAL DE PASAXE PERMANENTE.

Vista a solicitude presentada en data 25.3.13 por JOSÉ MENDUÍÑA PIÑEIRO, DNI nº 35.935.580-N, con enderezo en Rúa Nova a Devesa, nº 18-Aldán, no que comunica a este concello da aparición do sinal de pasaxe permanente que lle roubaran, polo que solicita a anulación do acordo da Xunta de Goberno Local de data 4.3.13, no que se lle concede un novo sinal para a renovación do anterior concedido en Xunta de Goberno Local de data 1.6.06 ó interesado.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda proceder á anulación do acordo nº 5.A.1) da Xunta de Goberno Local de data 4 de marzo do 2013, polo que se concede a José Menduíña Piñeiro un novo sinal de pasaxe permanente para a renovación do anterior concedido en Xunta de Goberno Local de data 1.6.06.

#### 5.B) SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN NA ZONA DA OFICINA DE CORREOS:

Vista a solicitude presentada en data 18.3.13 por MARINO PUMAR CORRAL, con enderezo en rúa Baiona, nº 6-baixo-Cangas, na que, como director da Oficina Técnica de Correos no referido lugar, demanda o cambio de sinal de prohibido aparcar que está actualmente na porta accesoria pasalo para a porta principal, así como, a sinalización horizontal da entrada da oficina.

Así mesmo, dase conta de informe emitido en data 20.3.13 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:

*"Que en relación a escrito presentado por D. MARINO PUMAR CORRAL, con Rexistro de Entrada nº 3322 o día 18 de marzo de 2013, onde solicita:*

*1º) Proceder a cambiar o sinal de prohibido estacionar pasando a situalo na porta principal.*

*2º) Proceder ó pintado horizontal da fachada da oficina (Baiona nº 6- Baixo).*

*Que en relación ó primeiro punto os axentes consideran que se debe colocar un sinal novo na esquina da porta principal, deixando o outro sinal onde está, para delimitar coas dúas sinais verticais a zona prohibida. Sendo conveniente que se modifique o horario da prohibición, pasando a ser este os días laborables de 8:00 a 20:30 horas.*

*Que en relación ó segundo punto os axentes consideran que non hai inconvinte en acceder ó solicitado, xa que actualmente está todo borrado. Tendo en conta que no medio da fachada hai unha entrada de garaxe con pasaxe permanente deberíase pintar con bordo amarelo e liña en zig-zag a zona de carga e descarga, e na entrada do pasaxe permanente pintar solo o bordo amarelo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe transcrito anteriormente, emitido pola Policía Local, referente ó cambio de sinal de prohibido aparcar e sinalización horizontal na zona da oficina de Correos en rúa Baiona de Cangas.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ó interesado, Policía Local e á Oficina Técnica Municipal.

#### 5.C) ESCRITO DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "FINCA DO AREAL-RODEIRA" S/ INSTALACIÓN DE BADÉNS EN RÚA CONCEPCIÓN ARENAL.

Visto o escrito presentado en data 25.3.13 (R.E. nº 3605) pola ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "FINCA DO AREAL-RODEIRA", con enderezo na Avda. de Ourense, nº 61-21-Coiro, no que achegan sinaturas de veciños/as afectados para reclamar a instalación de badéns en rúa Concepción Arenal, condición requirida en acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 21.1.13.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "FINCA DO AREAL-RODEIRA", para a instalación de badéns ou pasos de cebra elevados en rúa Concepción Arenal.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á asociación mencionada e ós departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

#### **URXENCIAS:**

## **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

### **A) ESCRITO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS S/REMISIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE CANGAS PARA O ARRANXO E POSTA A PUNTO DAS INSTALACIÓNS SEMAFÓRICAS DA ESTRADA PO-551.**

Dase conta de escrito de data 20.3.13 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ó que achegan o borrador do texto do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Cangas, para o arranxo e posta a punto das instalacións semaforicas da estrada PO-551, polo que solicitan a conformidade do texto proposto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o texto íntegro do borrador do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Cangas, para o arranxo e posta a punto das instalacións semaforicas da estrada PO-551, remitido pola Axencia Galega de Infraestruturas.

SEGUNDO.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente para a sinatura do convenio de colaboración referido.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Axencia Galega de Infraestruturas.

### **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as vinte horas e dez minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.